



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



Acta da reunión de Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis celebrada o 24 de Xullo de 2021 ás 18:00 horas en segunda convocatoria e á que asisten os seguintes membros:

Presidente: José Mosquera Casero

Clubs:

Escuela de Tenis Marineda- D. Gabriel Fernández Mourelle

Real Club de Tenis A Coruña- D. Ricardo Álvarez Pérez

D10-Centro Deportivo: D. Manuel Quiroga Pérez

Club de Tenis As Termas: D. José Andrés Pereiro Pereira

Clube Deportivo Empresariais Ourense: D. Carlos Carreira

Club Santo Domingo: D. Luis González Blanco

Club de Tenis Pontareas: D. Juan C. Fernández Márquez

Ureca: D. Luis Fernández Martínez

Árbitros:

D. José M. Fariñas Cid

D. Manuel Ángel Martínez Baz

D. Fernando Rodríguez Ferreira

Deportistas:

Dna. María Berini Pita da Veiga

D. Francisco Javier De la Torre Fernández

Asistencia al Presidente:

Marco A Casal Costas – Dirección Deportiva

Asistencia a Secretaría

M<sup>a</sup> Jesús Fernández García

Xustifican asistencia:

Sporting Club Casino Coruña

Clube de Tenis Cidade Olívica

Acta de sesión: É aberta polo presidente, que cede a palabra o Presidente do Club Santo Domingo, que dá a benvinda a todos e agradece a Federación Galega que conte co Club Santo Domingo, tanto a nivel de organización de eventos deportivos e de xestión tan importantes, como son o Campionato Galego Absoluto e a reunión de Asemblea Xeral Federativa.

O mesmo tempo recorda que estas accións encaixan moi ben na celebración do L Aniversario do Club. Desta maneira pasa a palabra o Presidente da Federación, D. José Mosquera que abre a sesión, dando paso aos distintos puntos da Orde do día:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.

É aprobada por unanimidade.

2. Liquidación das contas da FGT do ano 2020

Antes de pasar á explicación do Balance e da conta de resultados o presidente fai unha introdución sobre a situación do informe da auditoría.

No mes de febreiro a Secretaría Xeral para O Deporte comunica que todas aquelas federacións que pasan de 100.000€ de subvención serán auditadas pola propia Secretaría. Como no mes de maio os auditores designados pola Xunta non se puxeron en contacto coa Federación e coa idea de presentar correctamente as contas diante de esta Asemblea Xeral, decídese solicitar un seguimento das contas aos auditores que ata a data víñannolas auditando.

O presidente le o memorandum da revisión contable dos estados financeiros do exercicio 2020 da Federación Galega de Tenis, sendo enviado o 4 de xuño, tempo suficiente para corrixir as incidencias que propuxeron.

Recentemente recibíuse dos auditores que nos marca a Xunta de Galicia unha notificación co que lle tiñamos que enviar antes de comezar a auditoría e que no mes de setembro daríase por concluída. Ante isto, a Secretaría Xeral para O Deporte amplía o prazo ao mes de outubro para facerlles chegar o informe auditor das contas federativas do ano 2020.

**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



O Presidente inicia a explicación do balance e a conta de resultados para a aprobación das contas do ano 2020. Unha vez finalizada a mesma, procédese á votación para a súa aprobación: Votos en contra: 0

Votos de abstención: 1

Votos a favor:

As contas anuais do exercicio do 2020 da Federación Galega de Tenis son aprobadas, de acordó con as seguintes táboas

**ESTADOS FINANCIEROS****Balance de situación a 31/12/2020 E 2019**

	31/12/2020	31/12/2019
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>37147,77</b>	<b>40790,39</b>
I. Inmovilizado intanxible	93,35	93,35
II. Inmovilizado material	37054,42	40697,04
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>156257,17</b>	<b>53835,30</b>
I. Existencia	<b>3121,75</b>	<b>5976,59</b>
II. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	<b>23746,79</b>	<b>44576,70</b>
1. Clientes	3985,23	6391,58
3. Outros deudores	19761,56	38185,12
V. Periodificaciones a corto prazo	<b>0</b>	<b>557,61</b>
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	<b>129388,63</b>	<b>2724,40</b>
	<b>193404,94</b>	<b>94625,69</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>5626,69</b>	<b>-18704,12</b>
A-1 Fondos propios	-19481,26	-48612,07
I. Fondo Social	37222,36	37222,36
III. Reservas	455,32	-8641,77
V. Resultados de exercicios anteriores	-80256,30	-86704,60
VII. Resultado do exercicio	23097,36	6511,94
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	25107,95	29907,95
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>187778,25</b>	<b>113329,81</b>
II. Deudas a corto prazo	17627,92	40901,73
1. Deudas con entidades de crédito	5,98	38825,03
3. Outras deudas a corto prazo	17621,94	2076,7
IV. Acreedores comercialis e outras contas a pagar	46649,58	69300,58
1. Proveedores	31818,67	24541,32
2. Outros acreedores	14830,91	44759,26
VI. Periodificacións a corto prazo	123500,75	3127,5
	<b>193404,94</b>	<b>94625,69</b>

**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767

**CONTA DE PÉRDIDAS E GANANCIAS**

		31/12/2020	31/12/2019
1. Importe neto da cifra de negocios		322880,56	388659,13
4. Aprovisionamentos		-14664,17	-18742,22
5. Outros ingresos de explotación		123723,75	145159,43
6. Gastos de persoal		-270442,30	-297339,57
7. Outros gastos de explotación		-139569,56	-207078,58
8. Amortización do inmovilizado		-5629,94	-814,50
9. Imputación de subvencións inmovilizado non financeiro e outras		4800	92,05
13. Outros resultados		1231,01	-934,68
<b>A) RDO. EXPLOTACIÓN</b>		<b>22329,35</b>	<b>9001,06</b>
12. Ingresos financeiros		4080,47	0
13. Gastos financeiros		-1502,86	-1086,52
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>		<b>2577,61</b>	<b>-1086,52</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)</b>		<b>24906,96</b>	<b>7914,54</b>
20. Impostos sobre beneficios		0	-1402,6
<b>D) RESULTADOS DO EXERCICIO</b>		<b>24906,96</b>	<b>6511,94</b>

O Presidente informa sobre a consulta realizada á Axencia Tributaria sobre o tratamento da declaración informativa do modelo 347 referente a facturación das licenzas cos clubs.

Ao ser a facturación de licenzas exenta de IVE a declaración non é obrigatoria e podrá declararse ou non de acordo cos clubs.

D. Luís Fernández de Ureca pregunta se non sería conveniente cambiar o nomeamento na facturación e pasar a denominar "recibo de intermediación" ao ser unha prestación de servizos con terceiros.

O Presidente comenta que é mellor deixalo así porque os clubs usan a facturación para tramitar subvencións e se se pon outro concepto as distintas institucións poden rexeitar as xustificacións para o cobro das mesmas.

### 3. Memoria de Actividade 2020

A Memoria de Actividade da Federación Galega de Tenis fíxose chegar a todos os membros da Asemblea Xeral e está publicada na web da Federación. É presentada polo Director Deportivo da Federación, D. Marco A Casal e aprobada por unanimidade. Establécese un diálogo sobre as axudas aos clubs que se deron en 2021 sobre os resultados obtidos en 2020 en canto ao nº de licenzas tramitadas e aos equipos participantes. Acórdase trasladar ao seguinte punto as aclaracións as consultas do momento respecto diso.

No resumo da memoria sobre a parte de docencia infórmase que en 2020 debido ao Covid non se fixo ningún curso, pero que está en marcha xa o do ano 2021. Valórase o que a Federación poida ofrecer créditos brandos aos clubs para axudar a aqueles xogadores que estean interesados en formarse como técnicos.

### 4. Acordo sobre os prezos das licenzas 2021/2022

O presidente lembra que os prezos de licenzas para a nova tempada están fixados desde a Asemblea de decembro de 2020, onde se estimaron os prezos de 49 e 24 euros para os maiores de 18 e menores de 18 respectivamente. Tendo en conta que se conseguiu un seguro deportivo que non incrementou a cota e a



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



difícil situación económica na que se atopan clubs e xogadores, propónse a esta Asemblea manter os prezos vixentes, é dicir, 44€ para os adultos e subir 1€ para os menores de 18 anos, quedando o prezo de 23€.

En relación a conversación establecida no punto anterior, Memoria de Actividade 2020, na parte de estadísticas de licenzas e equipos, o Presidente explica que para facilitar a renovación da maioría das licenzas novas que se fixeron no último trimestre do 2020 por mor das medidas adoptadas polo goberno central e autonómico polo Covid 19, a Xunta Directiva quere propoñer á Asemblea un novo axuste dos prezos para as licenzas novas que se fixeron na tempada 2020/2021 e renoven na do 2021/2022. Desta maneira os prezos das licenzas quedarían fixados de acordo ca seguinte táboa:

### **Licenzas renovadas 2021-2020 – Do 30/09/2021 ao 30/09/2022**

Ata 18 anos – 23€

Máis de 18 años – 44 €

#### **1ª licenza:**

Ata 18 anos – 15€

Máis de 18 años – 25 €

#### **Renovación por 2º ano dende a tempada 2020/2021**

Ata 18 anos – 15€

Máis de 18 años – 30 €

Mantense o programa de bonollicencia.

Decídese que se estudarán todas as propostas que xurdiron da conversación entre os asistentes, como buscar un seguro que complementa ao obrigatorio, desconto por unidades familiares, seguros para os licenciados ata 7 anos, sistemas de calidade acreditados para os clubs, créditos blandos para a formación, etc

### 5. Tarifa de Árbitros

Xuíz de Liña: 24,48 €/día

Xuíz de Cadeira: 24,48 €/partido.

Un Xuíz de Cadeira cobrará un mínimo de 48,96 €/día (dúas cadeiras) aínda que só arbitrase un partido.

Os xuíces de cadeira que actúen como tal en Torneos Internacionais cobrarán a tarifa vixente no CEAT, así como os gastos aos que estas tarifas refírense (desprazamentos, dietas e outros gastos). Xuíz Árbitro.

Xefe de árbitros, Xuíz de eliminatoria: 73,44 €/día

Xuíz Árbitro adxunto: 60 €/día.

Xuíz Itinerante: 60 €/día e se é media xornada 40 €/media xornada.

OUTROS GASTOS: Desprazamentos: Abonarase 0,19€ por km (prezo estipulado Xunta de Galicia) desde o lugar de residencia (ida e volta), gastos de autoestrada ou de calquera medio de transporte público se non se utilizase o propio.

Soamente abonarase o transporte cando o desprazamento orixinal-final sexa superior a 15km de ida e 15 km de volta.

Manutención: a todos os árbitros que traballan día completo.

Aloxamento: En estancias superiores a 1 día e distancia do lugar de residencia superior a 150km, o árbitro poderá ser aloxado nun hotel próximo ao lugar de celebración da competición en función de horarios, etc.



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO  
OFICINA 1 - 36209 VIGO  
TELÉFONO: 986 21 29 82  
G15102767



### 6. Informes do Presidente

a) Informa que desde abril forma parte de la Xunta Directiva da RFET.

a) Celebraranse os dous torneos wta de 25000\$, o primeiro en Ourense do 15 ao 22 de Agosto e o segundo en Vigo (Instalacións Deportivas de Samil) do 22 ao 29 de Agosto. Están confirmadas as achegas das Institucións Oficiais. A organización destes torneos será de gran axuda ás xogadoras galegas que están a tentar ser profesionais, como Celia Cerviño ou Jessica Bouzas.

Celebraranse tamén os ITF Junior, en Sanxenxo e Vigo e o Tennis Europe de categoría cadete en Sanxenxo. Ademais, organizouse xa o ITF Senior en A' Tobeira e están pendentes os do Real Aero Club de Santiago e Sanxenxo.

b) O pasado 10 de xullo houbo unha comisión interterritorial na RFET na que trataronse propostas moi interesantes, como a diferenciación nas cotas para pagar polos clubs dependendo do volume económico de cada club, nº de pistas, licenzas, etc...

Tratouse tamén a norma das restricións de participación de xogadores en dous torneos na mesma semana, que neste momento é motivo de sanción.

d) Chegouse a un acordo co Concello de Pontevedra para dar a coñecer ante o público en xeral a nova modalidade Touch Tennis, coa celebración dun torneo internacional na praza que hai diante mesmo do Concello. Será o 9 e 10 de setembro. O 1º Cto Galego de Touch Tennis celebrarase en Ourense na semana do WTA, tamén nunha rúa céntrica como é a Rúa do Paseo.

### 7. Rogos e preguntas

D. Ricardo Álvarez solicita á Xunta Directiva e á dirección técnica da Federación que se estude a posibilidade de cambiar o formado da tecnificación autonómica. Propón concentracións de fin de semana por exemplo. Establécese un diálogo entre os asistentes. Acórdase estudar outras posibilidades de adestramento e presentalos, se é posible, para a nova tempada. D. José Andrés Pereiro pregunta a posibilidade de volver ao Centro de Tecnificación, xa que é unha contorna de estudo e deporte idóneo para os xogadores que se queren orientar a profesionais.

Realizarase a consulta.

D. Luís Fernández solicita tamén que se estuden outras posibilidades de reparto de subvencións a clubs por participación, xa que o actual cre que é inxusto para os que desenvolven mais actividade. Pensa que unha repartición lineal e non progresiva sería mais adecuado.

O Presidente tenta facerlle ver que aos clubs pequenos axúdaselles mais con esa subvención que aos grandes, que aumentarían pouco mais o importe para recibir aínda que a repartición fose lineal, xa que dita repartición total faise igualmente con máximos.

E non habendo mais temas que tratar, péchase a sesión da reunión sendo as 20:45 horas, levantándose a presente acta que se asina co Vº Bº do Presidente

VºBº

O Presidente



Mª Jesús Fernández García  
Secretaria da reunión Asemblea  
Xeral do 24/07/2021